



---

PROCEDEMENTO DE RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR  
Curso 2024/2025

## ANUNCIO DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, procede a RENOVACIÓN PARCIAL do CONSELLO ESCOLAR do IES Monte Carrasco, instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos (alumnado, nais e pais, profesorado, persoal de administración e servizos e Concello).

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto.

Esta estará integrada por: a directora, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor/a legal, un representante do persoal de administración e servizos e un alumno ou alumna.

Coa excepción da dirección, as demais persoas integrantes serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Este sorteo público celebrarase no centro o vindeiro **XOVES, 17 DE OUTUBRO, ás 13.15 HORAS**.

Unha vez designada a Xunta electoral procederase a súa constitución entre os días 22 e 28 de outubro.

Son funcións da Xunta Electoral: aprobar e publicar os censos electorais, concretar o calendario electoral, admitir e proclamar candidaturas, promover a constitución das distintas mesas electorais, proclamar os candidaturas que resultaren elixidas.

Cangas, 14 de outubro de 2024

O director

José Damián Ríos Calvar